

Ferrol, 22 de maio de 2018

Estimadas familias:

Queremos informalos de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de publicar a **ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2018/19.**

O prazo para solicitar estas axudas ou para participar no fondo solidario de libros de texto xa está aberto e **finaliza o día 22 de xuño.**

Poden acceder directamente desde a páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iescatabois/> tanto á Orde que regula as axudas como ao formulario para solicitalas, que, unha vez cuberto, deberán imprimir e entregar no centro xunto coa documentación esixida na Orde. Tamén poden recoller o formulario directamente en administración, ou presentar a solicitude na aplicación informática fondo libros na seguinte dirección: (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: (<https://sede.xunta.gal>).


Como en anos anteriores, no centro facilitaráselles toda a axuda que precisen para estes trámites, pero rogamos que presenten a súa solicitude canto antes para evitar que se acumulen nos últimos días.

No reverso inclúese un resumo da información necesaria para cubrir o impreso.

Quedamos á súa disposición para aclarar calquera dúbida.



A Dirección

 (cubrir e devolver asinado aos/ás titores/as) (cortar pola liña de puntos)

D./Dona. pai/nai/titor/titora legal do/da
alumno/a queda informado/a de que está **aberto**
o prazo para solicitar as seguintes axudas: FONDO DE LIBROS, E MATERIAL ESCOLAR.

Ferrol, de de 2018

Asdo.: Pai/nai/titor/titora legal

FONDO LIBROS, AXUDAS LIBROS E MATERIAL 2018-2019

- Realizarase unha única solicitude por familia e para todos os fillos/fillas da unidade familiar que estean matriculados no mesmo centro.
- Fondo solidario de libros:
 - Renda menor ou igual a 5.400€ = garantido préstamo de 6 libros
 - Renda entre 5.400€ e 9.000 € = garantido préstamo de 4 libros.
 - Maior de 9.000€ = repartiranse os libros que queden no fondo por orde de renda polo que é preferible que soliciten a axuda todas as familias.

- Axudas material: Rendas inferiores ou iguais a 5400€ per cápita = 50€.

Renda per cápita = ingresos netos dividido entre o número de membros da unidade familiar(referida ao exercicio fiscal 2016):

- Na declaración da renda do 2016 = recadros 392+405 dividido polo número de membros da unidade familiar.
- Se non ten que presentar a declaración = suma de ingresos netos de todo os membros da unidade familiar.
- Para poder recibir os libros e as axudas haberá que ter realizada a devolución dos libros de ano anterior en bo estado.
- Documentación a presentar para certificar unidade familiar: (referida ao 31 de decembro de 2016)
 - Libro de familia (se coincide os datos coa situación familiar a 31/12/2016)
 - Depende dos casos:
 - Sentencia separación ou divorcio
 - Certificado de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais, etc
 - Certificado de discapacidade